

guía de intervención pedagógica

C.O.D.A



proxecto Fiestra

Financiado pola Deputación de Ourense.

Material educativo elaborado pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración co Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC para a súa difusión en centros de ensino de Galicia.

Deseño e maquetación: ekinocio
Ano: 2020

www.fiestra.gal

índice

- 1.** Materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *C.O.D.A.*: **P5**
 - Educación Primaria
 - Educación Secundaria Obrigatoria
 - 1º de Bacharelato
 - 2º de Bacharelato

- 2.** Temas e valores na obra *C.O.D.A.* **P7**

- 3.** Sobre a obra *C.O.D.A.* **P8**

- 4.** Ficha técnica e palmarés *C.O.D.A.* **P9**

- 5.** Actividades: **P11**
 - 5.1. Preguntas e respostas para docentes
 - 5.1.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.1.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

 - 5.2. Preguntas para alumnas e alumnos **P14**
 - 5.2.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.2.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

recomendacións para antes e despois de ver a obra: www.fiestra.gal



materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra **C.O.D.A**


1.

Apta para todos os públicos.
Recomendada para todos os públicos.






Nota para todos os ciclos e cursos:

Esta obra é susceptible de ser abordada en calquera das materias escolares xa que, tal e como recolle a LOMCE, «nas diferentes materias que integran o currículo educativo de todos os cursos trabállase de forma transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional».





EDUCACIÓN PRIMARIA

- | | |
|---|---|
|  Ciencias Sociais |  Educación Artística |
|  Valores Sociais e Cívicos |  Lingua Castelá e Literatura |





EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

PRIMEIRO CICLO [1º, 2º e 3º Curso]	SEGUNDO CICLO [4º Curso]
<ul style="list-style-type: none">  Lingua Castelá e Literatura  Valores Éticos  Educación Plástica, Visual e Audiovisual [1º e 3º] 	<ul style="list-style-type: none">  Lingua Castelá e Literatura  Valores Éticos  Educación Plástica, Visual e Audiovisual [1º e 3º]

1º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
 Lingua Castelá e Literatura	 Lingua Castelá e Literatura	 Lingua Castelá e Literatura  Cultura Audiovisual

2º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
 Lingua Castelá e Literatura	 Lingua Castelá e Literatura	 Lingua Castelá e Literatura  Cultura Audiovisual
MATERIAS ESPECÍFICAS Imaxe e Son		
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA Ética e Filosofía do Dereito		

temas e valores na obra **C.O.D.A**

2.

TEMAS

«Coda» 'Children of deaf adult/Fillos de pais xordos'
Bullying
Acoso escolar
Ignorancia
Dereito á comunicación entre persoas xordas e oíntes
Linguaxe de signos
Dous mundos, dúas linguas, dúas culturas
Superheroínas
Determinación
Ousadía
Atrevemento
Compañeirismo
Referentes femininas

VALORES

Intelectuais:
 Comprensión
 Argumentación
 Racionalidade
 Xuízo

Afectivos
 Interese
 Bondade
 Amor

Volitivos
 Superación
 Resiliencia
 Valentía

Da diversidade
 Identidade
 Tolerancia
 Alteridade
 Pluralismo
 Convivencia

Individuais e liberadores
 Autonomía
 Liberdade

Estéticos
Artísticos

Morais
 Bondade
 Xustiza

sobre a obra C.O.D.A

3.

C.O.D.A é unha curtametraxe que amosa moitas realidades coma o *bullying*, o dereito á comunicación entre persoas xordas e oíntes e a realidade dos/as denominados/as «Coda» 'Children of deaf adult/Hijos/as de padres sordos'.

No filme pódese apreciar un exemplo de situación cotiá que pode vivir unha «Coda» chamada Paula, que vive entre dous mundos, dúas linguas e dúas culturas que aínda que comparten cousas son diferentes.



ficha técnica e palmarés acadado C.O.D.A

4.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Veru Rodríguez

Produción: Idendeaf

Xefatura de produción: Patricia Fernández

Interpretación: Paula García

Actores e actrices secundarios/as: Marcos Pais, Noa Fuentes, Lucas Sampedro, Alberto Santiso, Edu Bermúdez, Ana Puente e Victor García

Dirección de fotografía: Tacho Jimenez e Javier Grijo

Operador de cámara: Tacho Jimenez

Montaxe e postprodución de cor: Veru Rodríguez

Son: Alberto Blanco e Bruno Area

Foto fixa: Andrés Sampedro

Community manager: Paula Bello

PALMARÉS

Selección de premios:

- *Best Disability Theme Short Film*/Mellor curtametraxe de temática de discapacidade. SFAAF Festival da Academia da Arte e Cine do Sur. Chile.
- *Best Screenplay In A Short Film*/Mellor guión de curtametraxe, Veru Rodríguez. SFAAF Festival da Academia da Arte e Cine do Sur. Chile.
- *Best Young Actress In A Short Film*/Mellor actriz xoven de curtametraxe, Paula García. SFAAF Festival da Academia da Arte e Cine do Sur. Chile.
- *Third Audience Award*/Terceiro premio do público, C.O.D.A, Veru Rodríguez Rodríguez. SFAAF Festival da Academia da Arte e Cine do Sur. Chile.
- Mellor Montaxe. IX Festival Internacional de Cine en Lingua de Signos de Tolosa.
- Mellor Dirección. II FILMSIGN Festival Internacional de Cine en Lingua de Signos de Mallorca.
- Mellor Curtametraxe. II FILMSIGN Festival Internacional de Cine en Lingua de Signos de Mallorca.
- Mellor Montaxe. II FILMSIGN Festival Internacional de Cine en Lingua de Signos de Mallorca.
- Mellor Actriz. II FILMSIGN Festival Internacional de Cine en Lingua de Signos de Mallorca.

- Mellor «Voto de Público». II FILMSIGN Festival Internacional de Cine en Lingua de Signos de Mallorca
- Mellor Guión. III Festival de Curtametraxes en Lingua de Signos ALMUSOSSORD

actividades

5.

preguntas e respostas para docentes

5.1

5.1.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

1. Coñeciadades o termo «Coda»? Coñeces a alguén que sexa «Coda»?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: aberta.

As rapazas e os rapaces que acosan a Paula carecen de empatía.

2. Sabedes que é a empatía?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: a empatía é a capacidade de identificarse con alguén e compartir os seus sentimentos.

3. Que diferencias hai entre unha persoa «Coda» e unha que non o é?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: a única diferenza que é que unha persoa «Coda» habitualmente sabe falar lingua oral e lingua de signos, o que é unha virtude e unha vantaxe, xa que as persoas «Coda» poden identificarse con dúas culturas: a da comunidade xorda e a da comunidade oínte, o que significa que gozan de maior riqueza cultural. Esta vantaxe adoita ser un orgullo para que ten a sorte de experimental.

As rapazas e rapaces do entorno de Paula demostran a súa ignorancia cando lle pregunta a Paula se ela é xorda como seus pais. A maioría das persoas xordas adoitan ter fillas e fillos oíntes.

4. Saberiades dicir que porcentaxe de persoas xordas teñen fillos oíntes?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: aproximadamente o 90% das persoas xordas teñen fillas ou fillos oíntes.

«Aproximadamente o 90% das persoas xordas teñen fillas ou fillos oíntes»

No minuto 3:00 unha rapaza dille a Paula, a protagonista: «¿Que che pasa Paula, quedaches muda coma os teus pais?» Paula non aguanta máis. Pode permitir que se metan con ela, pero non tolera que se metan cos seus pais. Intentade poñervos na pel de Paula e pensar por un momento que vós sodes Paula.

5. Creedes que teríades reaccionado de modo semellante?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: aberta.

5.1.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

A partir do minuto 1:27 podemos contemplar a seguinte secuencia, acompañada da seguinte conversa:

Paula.— Os meus pais din que ser «Coda» é coma ser unha superheroína.

Marquitos.— Como mola!, como *Daredevil*, pero xordomudo.

Paula.— É xordo, non xordomudo! E en tal caso, sería como... *Catwoman*.



Esta conversación trasládanos unha carencia que debemos corrixir como sociedade e como individuos, unha mostra máis da necesidade de seguir traballando pola igualdade entre mulleres e homes e pola posta en valor e visibilización de referentes femininos. Coñecemos moitos superheroes pero descoñecemos á maioría de superheroínas. Isto non quere dicir que non haxa superheroínas, senón máis ben que as descoñecemos e están invisibilizadas.

1. Cal superpoder de entre todos os que teñen as super-heroínas vos gustaría poder ter?

> Resposta aberta.

No minuto 2:37 podemos presenciar a seguinte secuencia que segue, acompañada da seguinte conversa:

Nena 1.— Mirade, aí está a rariña e o seu mozo.

Neno 2.— Dixéronme que falan coas mans, coma os monos no *Planeta dos simios*.

Neno 3.— O simio e a gorila.



2. Que sentimentos creedes que experimental Paula cando se meten con ela por ser «Coda»?

> Fomentar que as/os alumnas/os reflexionen antes de contestar e argumenten a súa resposta.

> Resposta: aberta.

3. Parécevos xusto como tratan as nenas e nenos a Paula e Marquitos?

> Fomentar que as/os alumnas/os reflexionen antes de contestar e argumenten a súa resposta.

> Resposta: aberta.

preguntas para alumnas e alumnos

5.2

5.2.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

1. Coñecades o termo «Coda»? Coñeces a alguén que sexa «Coda»?

As rapazas e rapaces que acosan a Paula carecen de empatía.

2. Sabedes que é a empatía?

3. Que diferencias hai entre unha persoa «Coda» e unha que non o é?

As rapazas e rapaces do entorno de Paula demostran a súa ignorancia cando lle pregunta a Paula se ela é xorda como seus pais. A maioría das persoas xordas adoitan ter fillas e fillos oíntes.

4. Saberíades dicir que porcentaxe de persoas xordas teñen fillos oíntes?

No minuto 3:00 unha rapaza dille a Paula, a protagonista: «¿Que che pasa Paula, quedaches muda coma os teus pais?» Paula non aguanta máis. Pode permitir que se metan con ela, pero non tolera que se metan cos seus pais. Intentade poñervos na pel de Paula e pensar por un momento que vós sodes Paula.

5. Creedes que teríades reaccionado de modo semellante?


5.2.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

A partir do minuto 1:27 podemos contemplar a secuencia que segue, acompañada da seguinte conversa:

Paula.— Os meus pais din que ser «Coda» é coma ser unha superheroína.

Marquitos.— Como mola!, como *Daredevil*, pero xordomudo.

Paula.— É xordo, non xordomudo! E en tal caso, sería como... *Catwoman*.



Esta conversación trasládanos unha carencia que debemos corrixir como sociedade e como individuos, unha mostra máis da necesidade de seguir traballando pola igualdade entre mulleres e homes e pola posta en valor e visibilización de referentes femininos. Coñecemos moitos supeheroes pero descoñecemos á maioría de superheroínas. Isto non quere dicir que non haxa superheroínas, senón máis ben que as descoñecemos e están invisibilizadas.

Coa axuda da vosa profesora ou profesor e de Internet, buscade exemplos de superheroínas e conversade sobre os seus superpoderes.

1. Cal superpoder de entre todos os que teñen as superheroínas vos gustaría poder ter?

No minuto 2:37 podemos presenciar a seguinte secuencia que segue, acompaña desta conversa:

Nena 1.— Mirade, aí está a rariña e o seu mozo.

Neno 2.— Dixéronme que falan coas mans, coma os monos no *Planeta dos simios*.

Neno 3.— O simio e a gorila.



2. Que sentimentos creedes que experimenta Paula cando se meten con ela por ser «Coda»?

> Reflexionade antes de contestar e argumentade a vosa resposta.

2. Parécevos xusto como tratan as nenas e nenos a Paula e Marquitos?

> Reflexionade antes de contestar e argumentade a vosa resposta.



DEPUTACIÓN
OURENSE